

## CURSO DE TELEFORMACIÓN: FERRAMENTAS DE FINANCIAMENTO ÉTICO E ALTERNATIVO

[ En colaboración co Concello da Coruña ]

<b>DATAS REALIZACIÓN</b>	Do 9 de marzo ao 1 de abril de 2022	<b>DURACIÓN</b>	40 horas
<b>HORARIO</b>	Haberá 2 sesións virtuais de aprendizaxe os días 9 de marzo e 1 de abril de 11:00 a 12:30hs. O horario de titoría será de de luns a venres de 10:00 a 13:00 horas.		
<b>LUGAR CELEBRACIÓN:</b>	A través da aula virtual <a href="http://www.aulaespazocoop.com">http://www.aulaespazocoop.com</a>		
<b>PERSOA DE CONTACTO</b>	Patane García Méndez	<b>teléfono</b>	697 877 773
		<b>e-mail</b>	<a href="mailto:patane@espazo.coop">patane@espazo.coop</a>

### PARA INSCRIBIRSE [PREMA AQUÍ](#)

#### OBXECTIVOS

- Analizar o papel das finanzas éticas, e dentro delas da banca ética, de cara a unha reconfiguración da función do diñeiro como unha ferramenta ao servizo das persoas, as empresas e a economía produtiva.
- Coñecer as funcións do diñeiro e o papel dos intermediarios e dos mercados financeiros, e a súa relación coa actividade económica e empresarial.

#### PROGRAMA E CONTIDOS

Tema 1 . Finanzas éticas

Tema 2 . Finanzas éticas ao servizo das persoas e da economía produtiva

Tema 3 . Os principais instrumentos de financiamento ético e alternativo

Tema 4. Experiencias de finanzas éticas e financiamento solidario en Galiza, no Estado e no mundo

#### METODOLOXÍA

Activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de reflexión e debate. O alumnado terá ao seu dispor, na plataforma de teleformación, os materiais do curso para o seu estudo, amais de material complementario que se lles fará chegar a través do foro do curso.

Realizaranse dúas sesións virtuais de aprendizaxe coas que reforzar, de xeito síncrono, a relación e traballo colaborativo. As tarefas dispostas na plataforma servirán para facer unha avaliación do aproveitamento do alumnado participante. As canles de comunicación entre o equipo titorial e o alumnado será: o servizo de foros e mensaxería interna da plataforma, o correo electrónico, o telefono e a sala de videoconferencias do curso para a realización das titorías virtuais e as sesións virtuais de aprendizaxe. As persoas que non poidan participar nas sesións virtuais de aprendizaxe terán que realizar unha actividade complementaria para completar o curso.

#### DIRIXIDO A

Persoas que traballan ou colaboran con entidades de economía social e solidaria, tanto do sector de mercado (cooperativas, sociedades laborais, confrarías, Centros Especiais de Emprego, Empresas de inserción) como de non mercado (Asociacións, Fundacións, etc.). Público en xeral interesado en coñecer mais de preto as ferramentas de financiamento alternativo e ético que, na actualidade, están ao servizo dun desenvolvemento económico ético e sostible.